



**CONCELLERÍA DE CULTURA**  
**CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Rúa Rosalía de Castro, 28, 1º. 15320 · Telf. 981440344 · cultura@aspontes.org · NIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: sbb  
Expdte. 2024/E001/000007

**ACTA NÚMERO 2 DA SESIÓN DO TRIBUNAL ENCARGADO DO PROCESO SELECTIVO  
PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA LISTA DE ESPERA OU BOLSA DE TRABALLO DE  
AUXILIARES DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO.**

**ACTA. PROBA DE GALEGO**

Ás 9:00 horas do día 27/01/2025, na aula polivalente do edificio de servizos múltiples Casa Dopeso das Pontes de García Rodríguez, reúnen os membros do tribunal do proceso selectivo encamiñado á elaboración dunha lista de espera da categoría de **auxiliar do servizo de axuda a domicilio** nomeada a través do Decreto número 1952/2024 de 24 de outubro, de acordo coa convocatoria e bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 211, do 31/10/2024, para a realización da proba de galego, tal e como se publicou na acta no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello das Pontes (“Convocar ás persoas aspirantes que non teñen acreditado o coñecemento da lingua galega (CELGA 3 ou equivalente) para a realización dun exercicio que consistirá na tradución sen diccionario dun texto proposto polo tribunal o martes 28 de xaneiro ás 9:00 horas na aula polivalente da Casa Dopeso”)

**CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL**

O órgano de selección (tribunal) queda constituído como se indica a continuación:

- **Presidenta:** Matilde Montserrat González Rivera, persoal laboral asimilado ao subgrupo A1.

- **Vogal:**

- Jesús Paz Freijomil, persoal laboral asimilado ao subgrupo C2.

**Secretaria:** Susana Bellas Bermúdez, funcionaria do subgrupo A2.

Non comparecen:

- José Sanjurjo Paz, funcionario do subgrupo A2.

- Celia María Freire Vega, persoal laboral asimilado ao subgrupo A2.

Á hora da realización da proba de galego (9:00 horas) se presentan as catro persoas aspirantes admitidas no proceso selectivo, que non tiñan acreditado o coñecemento da lingua galega (CELGA 3 ou equivalente).

Ás 9:05 horas comeza o exercicio de galego que consiste en traducir un texto proposto polo tribunal de galego a castelán. O tempo máximo para realizar este exercicio será de 30 minutos.

Este exercicio será cualificado de apto/a ou non apto/a.

Ás 09:35 horas remata o exercicio de galego e a continuación, o tribunal procede á súa corrección, de acordo cos criterios establecidos no punto 5.1.3 das bases reguladoras da convocatoria, outorgándolle



**CONCELLERÍA DE CULTURA**  
**CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Rúa Rosalía de Castro, 28, 1º · 15320 · Telf. 981440344 · cultura@aspontes.org · NIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: sbb  
Expdte. 2024/E001/000007

ás persoas aspirantes presentadas as seguintes calificacións:

APELIDOS E NOME	DNI	APTA
ANCA MINDICELLO, MABEL	***1682**	SI
BOUZA GUERREIRO, EVA MARÍA	***0654**	SI
CAÍNZOS PRIETO, M. CARMÉN	***1620**	SI
DOCE GABEIRAS, MARÍA JOSEFA	***1002**	SI

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidenta declara concluída a sesión, ás 10:15 do 20 de xaneiro de 2025. Do actuado redáctase a presente acta, que é asinada electronicamente pola presidenta e a secretaria do órgano de selección.